

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Acta número 11, de 29 de febreiro de 2016

No día da data e baixo a presidencia do Sr. Decano, celébrase a reunión ordinaria da Comisión de Calidade do Centro, segundo a correspondente orde do día e coa asistencia dos membros que a seguir se relacionan:

Aznar Cuadrado, Virginia; Brao Viña, Ana; Candia Durán, Francisco; Díaz Rodríguez, M^a Carmen; Fiuza Asorey, M^a José; Poncet Souto, Marta; Rodríguez Lestegás, Francisco; Rodríguez Neira, Modesto Anibal; Silvosa Costa, Francisco Xosé; Souto Gómez, Montserrat; Viña Rouco, M^a Mar.

Xustificaron a súa ausencia os seguintes membros:

Fernández López, Isabel; Garrido Filgueira, Uxía; López Gómez, Santiago; Veiga Alonso, Xosé Ramón.

Día: 29 de febreiro de 2016

Hora: 13:00 horas

Lugar: Sala de Xuntas

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade do Centro correspondente ao curso 2014-2015.
2. Rogos e preguntas

1. Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade do Centro correspondente ao curso 2014-2015.

O Decano e Presidente da Comisión indica que o documento que se somete a aprobación foi difundido previamente entre os membros da Comisión, que actúan como representantes dos distintos grupos de interese, para que fixesen as observacións e suxestións que considerasen oportuno con vistas á mellora do texto proposto, en particular en relación co Plan de Melloras. As achegas recibidas foron incorporadas ao documento.

O Decano sinala tamén que a Memoria de Calidade do Centro non só é un documento que forma parte do desenvolvemento do SGIC, senón que é necesaria tamén para obter a puntuación correspondente na Convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia. Neste senso, indica que para o próximo curso deberemos ter aprobada a Planificación Estratéxica e a Programación Plurianual do centro.

De seguido, sintetiza os contidos dos distintos apartados da Memoria de Calidade correspondente ao Curso Académico 2015-2016: Introducción, Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade, que inclúe o estado do Plan de Melloras 2014-2015, e Plan de Melloras do Centro 2015-16. A Memoria complétase cun Anexo no que figuran os informes de seguimento e renovación da acreditación, segundo os casos, dos títulos que se imparten na Facultade.

Unha vez reflexionado e debatido sobre o contido da Memoria, a Comisión apróbaa e acorda enviala á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para que emita o informe correspondente, con carácter previo á súa aprobación por parte da Xunta de Facultade.

2. Rogos e preguntas.

O profesor Francisco Candia indica que en diversas ocasións se ten solicitado axudas, tanto nas convocatorias de prácticas de campo como nas relativas ás accións de mellora da docencia, para compensar os gastos de desprazamento ocasionados polo seguimento do alumnado en prácticas cando estas se desenvolven en colexios situados fóra da cidade de Lugo. Dado que o resultado desta solicitude sempre foi negativo, o profesor Candia apunta a posibilidade de reformulala como unha acción de mellora para obter deste xeito o financiamento necesario.

Con independencia de que non sería posible incluír agora unha acción de mellora deste tipo, por non figurar previamente nos informes de renovación da acreditación, estímase a dificultade para o seu encaixe nalgunha das convocatorias da USC: as axudas para prácticas de campo só financian os gastos de desprazamento do alumnado e as axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia non inclúen ningún apartado (alén dun ambiguo "varios") no que tivese cabida unha acción de mellora deste tipo. Deste xeito, eses gastos de desprazamento teñen que ser asumidos polo orzamento da Facultade, o que significa que se teñen que limitar a casos imprescindibles e perfectamente xustificadas.


Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14:30 horas.

A secretaria,



Mª del Mar Viña Rouco

Visto e prace, o presidente



Francisco Rodríguez Lestegás

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Acta número 12, de 12 de xullo de 2016

No día da data e baixo a presidencia do Sr. Decano, celébrase a reunión ordinaria da Comisión de Calidade do Centro, segundo a correspondente orde do día e coa asistencia dos membros que a seguir se relacionan:

Aznar Cuadrado, Virginia; Brao Viña, Ana; Candia Durán, Francisco; Díaz Rodríguez, M^a Carmen; Fernández Fernández, Pilar; Fernández Río, Miguel Ángel; Fiuza Asorey, M^a José; López Gómez, Santiago; López Rúa, Paula; Otero Urtaza, Uxío; Poncet Souto, Marta; Rodríguez Lestegás, Francisco; Rodríguez Neira, Modesto Anibal; Silvosa Costa, Francisco Xosé; Souto Gómez, Montserrat; Viña Rouco, M^a Mar.

Xustificaron a súa ausencia os seguintes membros:

Fernández López, Isabel; Garrido Filgueira, Uxía; Pena Presas, Montserrat.

Día: 12 de xullo de 2016

Hora: 10:00 horas

Lugar: Sala de Xuntas

Orde do día:

1. Informe de abandono potencial das titulacións de grao (2015-16).
2. Proposta de actividades formativas desenvolvidas por profesionais externos.
3. Plan estratéxico e programación plurianual da Facultade.

Ao inicio da sesión, e antes de desenvolver os puntos da orde do día, o Decano e Presidente da Comisión dá conta da recepción dos Informes finais de avaliación, emitidos pola ACSUG en senso FAVORABLE, para a renovación da acreditación das titulacións de Grao en Mestre/a de Educación Infantil, Grao en Mestre/a de Educación Primaria e Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.

1. Informe de abandono potencial das titulacións de grao (2015-16).

A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos enviou a este centro un arquivo co "Informe de abandono potencial" das titulacións de grao, correspondente ao curso 2015-16. Este informe definiuse considerando o alumnado que iniciou estudos na USC no curso 2015-16 e non superou ou non se presentou a ningunha materia do 1º semestre.

Diversos estudos conclúen que as desercións prodúcense maiormente no primeiro curso, debido a eleccións inadecuadas, baixo rendemento académico, non aprobar o

mínimo de créditos establecido na normativa de permanencia, materias pouco motivadoras, e pouco esforzo e compromiso co estudo. Polo que se refire a este centro, a Comisión de Calidade analiza o informe recibido co obxectivo de minimizar o abandono nos próximos cursos e aumentar as taxas de rendemento académico.

O devandito informe refírese aos estudantes T.P.F (Grao en Mestre/a de Educación Infantil) e N.C.B., J.F.V. e I.V.C. (Grao en Mestre/a de Educación Primaria). T.P.F. foi avaliada só na materia "Didáctica e profesión docente", obtendo unha cualificación de "Suspenso (3.0)". Os restantes estudantes non se presentaron a ningunha materia do 1º semestre.

Os coordinadores de 1º curso procuraron establecer un contacto persoal con estes estudantes, co obxecto de pescudar as razóns do seu abandono dos estudos. A información obtida foi a seguinte: T.P.F. e N.C.B. abandonaron os estudos por problemas persoais totalmente alleos á organización e desenvolvemento da titulación que cursaban; J.F.V. abandonou os estudos porque, tras iniciar a preparación dunhas oposicións ao corpo de Policía Nacional, tivo a oportunidade de desempeñar unha ocupación laboral; finalmente, I.V.C. deixou os seus estudos nesta Facultade unha vez recibiu a noticia de que era admitida nun centro de formación especializado en teatro, que era a súa principal expectativa.

En principio, cómpre salientar que a taxa de abandono que se tira destes casos está moi por debaixo do compromiso establecido nas respectivas Memorias de verificación dos títulos (20%). Por outra banda, despois de analizar as circunstancias que concorren nestes estudantes que abandonaron os estudos de grao nesta Facultade, non parece oportuno nin necesario valorar a posibilidade de deseñar ningunha acción ou actividade de tutoría e/ou orientación dirixida a este alumnado.

2. Proposta de actividades formativas desenvolvidas por profesionais externos.

Ao abeiro da Convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia (2016), este centro recibiu unha axuda para a realización de actividades formativas (conferencias, talleres e outras actividades) desenvolvidas por profesionais externos, que contribúan a mellorar os contidos dos títulos, ao tempo que facilitan a vinculación do coñecemento académico e a práctica profesional.

A acción está dirixida ao alumnado dos Graos en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, e supón a participación de profesionais en activo e outros axentes sociais nun programa de orientacións prácticas para o desenvolvemento de competencias propias destes títulos. O programa formativo inclúe mesas redondas, relatorios, obradoiros e charlas coloquio, co obxectivo de achegarlle ao alumnado a realidade socio-profesional da mestra e do mestre e as súas problemáticas reais, así como favorecer o desenvolvemento de competencias necesarias para a súa axeitada profesionalización.

Esta acción de mellora obtivo 99,526 puntos dun total de 100, o que a posiciona no número 3 de 85 accións solicitadas. Por este motivo, o importe solicitado foi concedido na súa totalidade: 2.250,00 euros.

A Vicedecana da Facultade solicitoulle ao PDI unha relación priorizada de actividades susceptibles de seren incluídas neste programa. Unha vez analizadas as solicitudes recibidas e axustado o seu custo ao orzamento dispoñible, o Decano presenta unha proposta de actividades formativas a desenvolver durante o 1º semestre do curso 2016-17 que é aceptada pola Comisión.

O Decano propón que se estude a posibilidade de presentar estas actividades formativas como unha programación estruturada que posibilite o seu recoñecemento como créditos transversais, segundo o disposto no Acordo do Consello de Goberno da

USC sobre recoñecemento de créditos nos estudos de Grao ao abeiro do Artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007 (aprobado polo Consello de Goberno o día 5 de xullo de 2016). A Comisión, despois de reflexionar sobre as vantaxes e os inconvenientes desta proposta, acorda non levala adiante.

3. Plan estratéxico e programación plurianual da Facultade.

A Comisión analiza o proceso de elaboración e aprobación do Plan Estratéxico do centro e a súa coherencia co Plan Estratéxico da USC:

Fase 1. Analizar a situación: determinación dos grupos de interese e nomeamento do grupo de traballo encargado de facer a proposta de plan estratéxico. O grupo de traballo deberá analizar a situación interna do centro e do seu contorno, determinando debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (Análise DAFO).

Fase 2. Definir a misión, a visión e os valores do centro: definir a misión (cal é a nosa razón de ser?, para quen traballamos?, cal é a nosa finalidade?), a visión (como queremos ser no 2020?) e os valores que realmente ten o centro (non cales debería ter), en congruencia cos que figuran no Plan Estratéxico da USC.

Fase 3. Definir as estratexias a seguir: corrixir as debilidades, afrontar as ameazas, manter as fortalezas e explotar as oportunidades (Análise CAME). Para isto débese analizar a confluencia entre oportunidades-ameazas e fortalezas-debilidades, de forma que se propoñan as seguintes liñas estratéxicas: relación entre oportunidades e fortalezas, relación entre fortalezas e ameazas, relación entre debilidades e oportunidades e relación entre debilidades e ameazas.

Fase 4. Elaborar a proposta de plan estratéxico e expoñelo publicamente, dándolle a máxima difusión e establecendo a canle para recibir as suxestións que poidan mellorar o texto.

Fase 5. Aprobar a versión definitiva e difundir o plan estratéxico: unha vez incorporadas esas suxestións, se as houbera, o centro remitirá o documento á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, que emitirá un informe cos axustes necesarios, de ser o caso, ou indicando que a revisión é favorable. Unha vez realizados os cambios, se fora preciso, a Xunta de Facultade será a encargada da aprobación do Plan Estratéxico do Centro. Logo, a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno emitirá informe sobre o plan, que será comunicado ao centro e, de ser favorable, suporá a aprobación do Plan Estratéxico e, polo tanto, a súa publicación definitiva.

Así mesmo, a Comisión de Calidade analiza o procedemento para a elaboración da programación plurianual 2016-2020, que deberá estar baseada nos obxectivos recollidos no plan estratéxico do centro. A proposta de programación plurianual remitirase á Vicerreitoría con competencias en calidade para a súa revisión, que, de ser o caso, concretarase nun informe cos aspectos a corrixir. A proposta, coas correccións necesarias, serán elevadas á Xunta de Facultade para a súa aprobación. O Decano remitirá a programación plurianual á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, que dará traslado da mesma á Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno para o seu coñecemento e para, no seu caso, formular recomendacións.

Por proposta do Decano, a Comisión de Calidade do Centro acorda a constitución dun grupo de traballo para a elaboración do plan estratéxico, que estará integrado polos seguintes membros:

D. Francisco Rodríguez Lestegás (Decano)
Dña. Carmen Díaz Rodríguez (Vicedecana)

Dña. M^a del Mar Viña Rouco (Secretaria)

D. Francisco Xosé Candia Durán (Coordinador do Título de Grao en Mestre/a de Educación Infantil)

Dña. Marta Poncet Souto (Coordinadora do Título de Grao en Mestre/a de Educación Primaria)

D. Eugenio Otero Urtaza (Coordinador do Título de Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza)

Dña. María José Fiuza Asorey (Coordinadora do Título de Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas)

Dña. Ana Brao Viña (Responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos)

D. Miguel Ángel Fernández Río (Representante dos estudantes)

Este grupo de traballo iniciará inmediatamente as tarefas de elaboración da proposta de Plan Estratéxico da Facultade.


Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 11:30 horas.

A secretaria,



M^a del Mar Viña Rouco

Visto e prace, o presidente



Francisco Rodríguez Lestegás